

## ACTA DE INTERBARRIOS 08/10/12

### 1. Información Asambleas.

1. Montealto- Grupo de Inditex. Comezarán coa recollida de firmas para denunciar as condicións laborais dos e das traballadoras, así como a súa política de subcontratacións con empresas que non cumpren as mínimas condicións laborais. Información na rúa. E, no futuro, pegada de cartaces, e outras accións propias do boicot.
2. Movilización 13O- Montealto non considera apropiado levar a pancarta da REDE. Ademais, non participarán na concentración do Obelisco que se adicaría ó tema de Desafiuzamentos e Sen Teito, non porque non se apoiem esas reivindicacións senón porque se entende que o máis axeitado é apoiar a manifestación dende o comezo.
3. Movilización 13O – Ría si considera ir coa pancarta da REDE e sacar un comunicado cunha perspectiva mundial pero sobre todo Europa. (pero estabamos á xuntanza de Montealto).
  1. Polo tanto non se irá como REDE.
4. Xornada de Reflexión.
  1. Montealto - Fredi vai pedir o permiso dende as 20h a 00h. Para concentración no Obelisco. Teñen unha proposta de facer algo (votar imáxenes sobre as cargas policiais, se se pode). Carteis como os da pasada campaña electoral.
  2. Ría – facer unha xornada Colectiva de Reflexión, no Obelisco pola tarde. Cunha assemblea como fixemos nas pasadas eleccións como a que fixo Montealto o xoves.
  3. Sobre isto se enviará mais información, durante a semana e sobre todo no Pad da semana que ven. Concretar.
5. Lembrar que o Xuízo de Roberto o xóves 11 as 11h20. (que Jose envíe que sala é)
6. Folga do 31 de Outubro convocada por CGT.
  1. Ría- Proponemos que a REDE solicite unha xuntanza co sindicato aquí en Coruña para ver como están a desenvolver dita convocatoria e como vemos nos que ahí que facer. Despois da xuntanza valoraremos a nosa posición ao respecto.
  2. Montealto – decidiu que Xosé falaría con eles para o tema.
7. Folga estudantes-
  1. A Ría propón sacar unha folla apoiando as reivindicacións e intentar repartir en algun instituto e colgalo no seu blog. (Ruben enviará as diferentes convocatorias).

### Varios-

1. Montealto informa:
  1. Adegala esta recollendo firma para unha ILP pola xestión de residuos. Nun principio non van pedirles follas de firmas, entenden que debería ser a asociación ecoloxista a que contactase con eles se é que precisa axuda para cubri-la ILP e non ser eles os que a ofrezan primeiro.
2. A Ría informa:
  1. Dunha reunión que tivo lugar en Santiago das persoas que están intentando que se leve a cabo unha auditoría cidadá da débeda. Estiveron dúas persoas da Ría, estableceron contactos con outros colectivos sociais (como Amarante) e comentan que están tratando de coordinarse con plataformas doutros países mediterráneos.

### Correio do Agra sobre unha publicación.

Acordouse que sexan os diferentes grupos de traballo os que se pronuncien sobre a publicación ou non. Informarase antes ao Agra, infomándolles desa situación, esperamos poder respostar o mércores pola noite.

**propostas.**

1- facer un comunicado sobre os recortes nas liberdades democráticas, por todo o que esta acontecer cargas policiais, prohibición de manifestacións, detencións...

2- despois das eleccións galegas, facer un balance as distintas asembleas do falado na última xuntanza indignada. Retomar os temas pendentes (como por exemplo a elaboración dun apartado do protocolo referente ao funcionamento do grupo de correo de Interbarrios, que podería ser similar ao das reunións presenciais (número máximo de persoas, só opinións de asembleas...).

3- que na próxima reunión (por pad) se faga especial fincapé en concretar o que se fará na xornada de reflexión, e quen se pode encargarse de cada cousa.